

tades e desánimos, e medrar na conciencia da comunión eclesial.

GRUPO HOAC CANIDO (Ferrol)

- 12.2.- SEMINARIO SOBRE LA SOLIDARIDAD ANTE LA POBREZA, LA MARGINACION Y EL DESARROLLO

"SOLLICITUDO REI SOCIALIS"

Destinado a: Docentes (especialmente profesores de Religión y Etica), Universitarios, Miembros de Asociaciones de laicos, Sacerdotes y Religiosos.

Fecha: 26,27 y 28 de mayo de 1989

Lugar: Escuela Universitaria de Trabajo Social

Plaza de la Inmaculada, 5 - 3º

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Organiza: Escuela de Enseñanza Social de Galicia

BOLETIN OFICIAL OBISPADO MONDUNEDO
Año 1989, (Marzo-Abril)

SECCION DECIMOTERCERA

LIBROS Y PUBLICACIONES

- 13.1.- A XERACION "NOS". GALEGUISMO E RELIXION. Ed. Galaxia, Vigo 1988, por VICTORINO PEREZ PRIETO

O título abonda para facer comprender que nos atopamos ante un libro importante. Trata duns homes que marcaron decisivamente o ser e o destino da Galicia actual. E considérais desde dous vectores -galeguismo e cristianismo- cuxa intersección constitúe un dos nosos máis graves problemas. Porque nesa intersección emerxe un fronte aberto na mesma entraña do noso ser colectivo. A pena é que, deformado pola historia e tapado pola inercia, non acabamos nin de o ver nin de o afrontar coa seriedade que merece.

Este libro faíno con valentía e sen circumloquios. Orixinalmente escrito como tesina na Universidade P. de Salamanca, chéganos con esa peculiar cercanía cordial que ás persoas sensíbles lles soe prestar a distancia xeográfica. Por enriba, sendo el mesmo descubrimento vivo de mocidade alerta, está cargado desa frescura entusiasta que contaxia o interese e suscita a intuición. Un dos non moitos libros dos que o lector sae sempre enriquecido.

De feito, o seu principal e inestimable valor reside en que, por vez primeira, se lle ofrecen ó lector galego con rigor analítico e simultaneidade sinóptica os datos do problema tal como aparece plantexado na obra desa xeración. Ou mellor dito

na obra de catro grandes representantes da mesma, pois quedan fora homes que, como Lousada Diéguez e Rafael Dieste, teñen unha palabra moi importante: expresa, se ben escasa, en Lousada; máis indirecta, pero de moi fina suxerencia, en Dieste.

Aínda así, a obra analizada resulta ampla, sobre todo nos dous primeiros autores estudados -Otero (pp. 49-116) e Risco (pp. 117-182)-, á parte de abondo dispersa e non sempre de acceso doado. Eles, con Cuevillas (pp. 183-202), tocan o problema de modo directo e confesante, aínda que non en discusión expresamente sistemática. Castelao (pp. 203-244) é máis elíptico e indirecto, pero non por iso menos suxerente (o autor chega aquí a botar man dun certo tono polémico fronte a un achatamento interpretativo que pretende eliminar, ou devaluar case que a cero, a presenza do relixioso na súa obra e na súa actitude).

A exposición sabe acomodarse ó estilo de cada un dos escritores estudados, tratando de salienta-lo típico da súa aportación e mesmo do seu talante. Unhas palabras do epílogo suxiren ben o resultado; "Primeiramente habería que contraponé-lo cristianismo optimista e vitalista de Otero e Cuevillas, co cristianismo anguriado, beato e preto de superstición de Risco (...) O caso de Castelao é un pouco distinto, tamén el é cristián e católico, aínda que máis 'por libre'" (p.247).

No tratamento xeral non refuga a contextualización na época (importante neste senso a Introducción), nin a pescuda dos influxos e mesmo o xuízo directamente teolóxico. Aínda que, obviamente, tratándose dunha primería aproximación, é aquí onde a tarefa queda aberta sobre a colectividade e entregada a estudos ulteriores. Estes deberán chegar e contan xa aquí cun primeiro arsenal de datos que non poderán ignorar.

O autor, que dirixe a revista IRIMIA e colabora directamente en ENCRUCILLADA, ofrece co seu traballo unha oportunidade magnífica para un diálogo urxente. Sería verdadeiramente lamentable que o seu esforzo se perdesa, unha vez máis, na desidia ambiental ou, o que sería peor, na cegueira duns para ve-la incoherencia farisaica dunha fe que non acaba de encarnarse na súa cultura e na teimosía pitoña doutros que se negan a acepta-

la relevancia do factor relixioso na conformación dunha convivencia verdadeiramente humana.

Entre tanto, todo lector interesado dispón neste libro dun manual inapreciable. X. Chao Rego anteponlle un limiar, que, como en tantas ocasións, alcanza unha das mellores prosas que se escriben hoxe en Galicia. Nel fai un encadramento fundamental para orienta-la lectura. Alí recoñece algo obvio, pero que cómpre dicir: estamos ante "unha introducción como aínda non existe para entendermos á Xeración Nós".

Andrés Torres Queiruga

• 13.2.- "*VIVIR, ¿Para qué?*", nueva publicación DE ATILANO ALAIZ

Los resultados de una reciente encuesta del Centro de Investigaciones sociológicas, dan toda la razón a Atilano

Alaiz cuando pregunta con el título de su nueva publicación : "*Vivir, ¿para qué?*". Según los resultados de la citada encuesta un 33 por ciento de los españoles no piensa nunca en el sentido de su vida; un 42 por ciento lo hace algunas veces, y sólo un 24 por ciento, lo hace a menudo.

Cualquiera percibe que esta situación es seriamente grave y que aquí radica la verdadera causa de la falta de calidad de vida individual y social. Aquí está el verdadero foco de infección que envenena todo el organismo.

Atilano Alaiz, con su finísimo olfato humanístico lo ha intuído y lo grita desde las páginas del libro con un lenguaje vigoroso e imaginativo.

En el transcurso de las reflexiones se siente el pulso y el latido de la vida que circula y palpita. No en vano el autor se ha acercado a los jóvenes mediante la encuesta y la relación personal. 220 jóvenes con frecuencia toman la palabra a través de